



**PREGUNTA ORAL SOBRE OS LABORES DE PROMOCIÓN OU COLABORACIÓN COA SEMANA SANTA DE SANTIAGO E AS XESTIÓNS REALIZADAS PARA A SÚA DECLARACIÓN COMO “FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA”**

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o portavoz que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

No transcurso da sesión plenaria do pasado 7 de decembro de 2015, a Corporación Municipal aprobou, por maioría dos seus membros, unha proposición presentada polo Grupo Popular na que se acordaba que o Goberno local se dirixira á Xunta de Galicia “presentando a solicitude e a documentación pertinente para que a Semana Santa de Santiago de Compostela sexa considerada Festa de Interese Turístico de Galicia” e para que “promova ou colabore na elaboración dun programa turístico e cultural durante as datas de Semana Santa de 2016, en consonancia con esta celebración, que axude a potenciar e realzar o atractivo desta tradición na nosa cidade”.

Transcorridos máis de dous meses desde a adopción do citado acordo plenario, e ante a proximidade do período central do ano litúrxico cristián, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte pregunta:

**Que xestións ou pasos se teñen dado ante a Xunta de Galicia para poder obter a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia da Semana Santa de Santiago de Compostela e que medidas de promoción ou colaboración se teñen establecido para “potenciar e realzar o atractivo desta tradición na nosa cidade”?**

Santiago, a 26 de febreiro de 2016



Agustín Hernández.  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.